

trónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2009.

Ángel Míguez López
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 22 de xuño de 2009 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 4 de maio de 2009.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, por Orde do 4 de maio de 2009 (DOG nº 92, do 13 de maio), de conformidade co disposto no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto lexislativo.

Esta consellería dispón:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola orde do 4 de maio de 2009 (DOG nº 92, do 13 de maio).

Segundo.-Adxudicar destino, nos postos de traballo que se indican, e seleccionar o persoal que se relaciona no anexo da presente orde.

Terceiro.-O cesamento no destino actual do persoal que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o persoal preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e o disposto na base séptima da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iniciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, fosen concedidos ao citado persoal. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria, iniciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-O xefe do centro en que cause baixa o persoal, así como o daquel en que obteña destino, con-

signarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugna-la directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses, contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas

ANEXO

Apelidos e nome: González Vilar, María de la Concepción.

NRP: 5247159513A2059.

Grupo: D.

Denominación do posto de traballo: secretaria do secretario/a xeral.

Código do posto de traballo: OT.C02.00.000.15770.001.

Centro directivo: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo/escala: A1 Administración xeral.

Nivel: 18.

Complemento específico: 5.739,60 €.

Apelidos e nome: Carracedo Pose, Rubén José.

NRP: 4483479668 A2059.

Grupo: D.

Denominación do posto de traballo: secretario de dirección.

Código do posto de traballo: OT.C02.00.000.15770.002.

Centro directivo: Secretaría Xeral.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo/escala: A1 Administración xeral.

Nivel: 18.

Complemento específico: 5.739,60 €.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 26 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso do procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

A base novena da Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio), pola que se convoca procede-

mento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Realizada esta baremación nalgunha especialidade, procede publicar a puntuación provisional da fase de concurso.

En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e no enderezo da internet <http://www.edu.xunta.es> o día 1 de xullo de 2009 as puntuacións provisionais do baremo establecido na Orde do 8 de maio de 2009 das seguintes especialidades:

- Idioma estranxeiro: inglés.
- Educación física.
- Música.
- Pedagogía terapéutica.
- Idioma estranxeiro: francés.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderanse presentar reclamacións no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos.

Terceiro.-As reclamacións presentaranse a través do correo electrónico no enderezo da internet <http://www.persoal.primaria@edu.xunta.es>, ou ao fax 881 99 92 41, empregando o modelo que aparece no portal educativo.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 16 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Ourense, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de determinados postos vacantes de persoal de áreas de xestión e servizos.

Convocada a provisión polo sistema de concurso de méritos de determinados postos vacantes na Xeren-

cia de Atención Primaria de Ourense mediante resolución 1/2009, do 25 de febreiro de 2009, publicada en *Diario Oficial de Galicia* do 30 de marzo de 2009, vistas as solicitudes e méritos acreditados polos aspirantes, este director xerente, en exercicio de competencia delegada no artigo 5º.1 j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e en cumprimento do disposto no artigo 53 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVO:

Adxudicar o posto aos solicitantes que se indican no anexo desta resolución.

Os adxudicatarios deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación desta resolución.

A toma de posesión será dentro dos prazos previstos na base sétima da convocatoria.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante a directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo de un mes desde a publicación, conforme o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro).

Ourense, 16 de xuño de 2009.

Carlos Pereira Fernández
Director xerente de Atención Primaria de Ourense

ANEXO

Posto de traballo: xefe de Sección de Nóminas.
Nome e apelidos: Juan Carlos Quintas Cid.
DNI: 34970412-Q.

Posto de traballo: xefe de Sección de Persoal e Carreira Profesional.
Nome e apelidos: Manuel Pérez Doval.
DNI: 34950161-M.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 4 de xuño de 2009 pola que se integra a Miguel Ángel Naya Villaverde, funcionario do corpo de profesores titulares de escola universitaria, no corpo de profesores titulares de universidade.

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro,